

Recomendacións para a semana do 23 ao 27 de marzo de 2020

Bo día a tod@s,

Antes de comenzoas recomendacións, gustaríame agradecervos as fotiños, videos e mensaxes que me estades a mandar!! Sen dúbida, un detalle moi xeneroso que se cabe, fai máis levadeiro esta situación que estamos a vivir.

Espero que tod@s recibídeses o video que vos mandei para enviarlle todo o meu cariño ás estreliñas, se non fose así, dicídemos que volo envío de novo!

E agora, paso a recomendarvos unha serie de actividades, que sempre e cando vos o consideredes, dentro da situación persoal de cada familia, para levalas a cabo.

- Continuamos coa rutineira actividade do calendario, sinalando o día da semana, o día numérico e o mes no que nos atopamos, para posteriormente escribir o seu nome en maiúsculas, e facer un debuxo deles mesmos, para seguir interiorizando as partes do corpo.
- Outra actividade, e tendo en conta que a Primavera fixo a súa entrada, non tan triunfal como esperásemos, debido aos acontecementos presentes, pero iso, non nos exime de darlle a benvinda que se merece. Propoño que fagamos unha flor (ou as que vos consideredes en función das necesidades de atención, interese, d@s pequen@s) podedes facela con obxectos que temos na casa, tipo: alimentarios: macarróns, spaguettis, arroz, lentellas, graos de café,... outros obxectos: bastonciños dos ouvidos, tapóns de botellas, vasiños de cartón,...

Dita flor/flores, que sei por que vos coñezo, que van a ser as máis espectaculares flores que ningunha anterior primavera nos ofreceu. □

Ahí vos deixo algúns exemplos:



Gustaríame propoñervos que, unha vez feitas, xa sexan en posición horizontal (sobre folio) como en posición vertical, lles fixerades unha foto aos vos@s fill@s con elas, xa que así eu farei unha montaxe que vos enviarei a tod@s para que as compartades c@s pequen@s e reciban un fermoso agasallo de cada un día seus compañeir@s.

- Outra actividade que me gustaría compartir, e que a partir de rolos de cartón do papel hixiénico, os cales podedes decorar con pintura ou con pegamento previamente lle engadimos: virutas de cera (unha vez afiliadas as ceras, imos gardando o que afiamos, e esas son as virutas). Tamén podemos decoralas con obxectos que teñades na casa, como os que vos dicen anteriormente.

Logo poñerémolle un número a cada rolo de papel hixiénico. Deixarémolos a unha distancia adecuada e con garavanzos iremos encestando dentro do rolo tantos garavanzos como o número indica.

- Outra actividade que vos propoño é facer un circuito, para iso vamos a empregar obxectos que temos na casa, como son: plastilina, palliñas (de zume,) e lentellas (tamén se pode empregar boliñas de Ping pong, garavanzos,...) Pois ben, faremos un camiño marcando o traxecto poñendo plastilina a ambos lados, de tal maneira que a lentella vaia entre o carril que limita a plastilina, logo coa palliña na boca, imos soprando para empurrar a lentella ata o final do traxecto. Esta actividade é moi axeitada para traballar os músculos bucofaciais, ademais de ser moi divertida!

- Outra actividade que vos propoño é psicomotricidade, que estou segura que xa están a facer bastante!

Esta actividade consiste en poñer Cunha cinta adhesiva, celo, cinta de carroceros,..(aquilo que teñades na casa) e Facedes no chan unha liña recta. Primeiro @s nen@s teñen que ir camiñando con un pé diante do outro pisando a cinta, empregando se o necesitan os brazos en cruz, ata chegar ao final.

Outra premisa é camiñar pola liña de lado, de tal maneira que só xiran a cabeza para seguir a liña recta, mentres que o corpo vai de lado.

Outra premisa é que camiñen de cucillas ao longo da liña ata chegar ao final.

Outra premisa é, que poñades cada 20 centímetros, unha marca na liña recta, de tal maneira que @s nen@s cos pés xuntos van saltando de marca en marca ata avanzar o final da liña recta.

- Por outra banda, a lectura de contos é unha rutina que sei que levades a cabo de xeito fantástico e admirable, polo só podo agradecervos a vosa marabillosa implicación!

Para rematar, e como non pode ser doutora maneira, deséxovos moito ánimo, paciencia e que vos coidedes moito, moito, moito, e como non, bicos e apertas tan xigantes que siguen a traxectoria da Terra á Lúa e volver para as miñas estreliñas.

□□